

FACULTADE DE CIENCIAS

Plan Estratéxico



2024-2026

Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Elaborado por	Comisión de Calidade do Centro	17/12/2024
Aprobado por	Xunta de Facultade	20/12/2024
Aprobado por	Comisión de Calidade e Planificación do Consello de Goberno	28/02/2025

ÍNDICE

1. Introducción.....	4
2. Breve historia da Facultade de Ciencias.....	5
2.1. Orixe do centro.	5
2.2. Catálogo actual de titulacións.	5
2.3. Grupos de investigación actuais.....	5
2.4. Sistema de garantía de calidade.	6
3. Misión, visión e valores.	8
3.1. Misión.....	8
3.2. Visión.....	8
3.3. Valores.....	8
4. Liñas estratéxicas.	10
4.1. Introducción ás liñas estratéxicas.....	10
4.2. Liña estratéxica 1: A Facultade ao servizo da sociedade.	11
4.3. Liña estratéxica 2: Xestión dos recursos de forma intelixente.	11
4.4. Liña estratéxica 3: Situar o coñecemento da Facultade na vangarda.....	12
4.5. Liña estratéxica 4: Proxectar a Facultade.....	12
5. Diagnose estratéxica.	13
5.1. Introducción á diagnose estratéxica.....	13
5.2. Liña estratéxica 1: A Facultade ao servizo da sociedade.	13
5.2.1. Análise DAFO.....	13
5.2.2. Análise CAME.	14
5.3. Liña estratéxica 2: Xestión dos recursos de forma intelixente.	15
5.3.1. Análise DAFO.....	15
5.3.2. Análise CAME.	15
5.4. Liña estratéxica 3: Situar o coñecemento da Facultade na vangarda.....	17
5.4.1. Análise DAFO.....	17
5.4.2. Análise CAME.	18
5.5. Liña estratéxica 4: Proxectar a Facultade.....	20
5.5.1. Análise DAFO.....	20
5.5.2. Análise CAME.	21
6. Obxectivos estratéxicos.....	23

6.1. Liña estratéxica 1: A Facultade ao servizo da sociedade.	23
6.1.1. Obxectivo estratéxico 1.1: Formación centrada no estudantado.....	23
6.1.2. Obxectivo estratéxico 1.2: Estimular a calidade ao servizo da mellora educativa. ..	24
6.2. Liña estratéxica 2: Xestionar os recursos de forma intelixente.	25
6.2.1. Obxectivo estratéxico 2.1: Compromiso co persoal.	25
6.2.2. Obxectivo estratéxico 2.2: Mellora das infraestruturas e optimización enerxética. 25	
6.2.3. Obxectivo estratéxico 2.3: Xestión eficiente dos recursos.	26
6.3. Liña estratéxica 3: Situar o coñecemento da Facultade na vangarda.....	28
6.3.1. Obxectivo estratéxico 3.1: Redefinir a oferta de titulacións do centro.	28
6.3.2. Obxectivo estratéxico 3.2: Introducir novas estruturas curriculares.....	29
6.3.3. Obxectivo estratéxico 3.3: Captación de estudantado.	30
6.3.4. Obxectivo estratéxico 3.4: Promover a investigación.....	31
6.4. Liña estratéxica 4: Proxectar a Facultade.....	34
6.4.1. Obxectivo estratéxico 4.1: Potenciar a mobilidade das persoas.	34
6.4.2. Obxectivo estratéxico 4.2: Integración no entorno.	35
6.4.3. Obxectivo estratéxico 4.3: Potenciar a comunicación da Facultade de cara ao exterior.....	36
6.5. Cadro de mando cos indicadores cuantitativos para a monitorización do plan estratéxico.....	37
7. Desenvolvemento da elaboración do Plan Estratéxico de Centro (PEC).	42
7.1. Comisión ou grupo de traballo responsable da elaboración do PEC.	42
7.2. Participación dos grupos de interese na elaboración do PEC.....	42
ANEXO I: Plan de Mellora Anual 2024-26	44

1. Introducción.

Este novo Plan Estratéxico de centro (PEC) da Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago de Compostela (USC), correspondente ao período 2024-2026, establece as liñas, obxectivos e accións estratéxicas do centro para os próximos dous anos.

A elaboración do PEC realizouse de acordo co procedemento *PE-01 Planificación Estratéxica* do Manual de Procesos da Facultade de Ciencias e baseouse nun exhaustivo análise DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades) que permitiu identificar as principais áreas de mellora e potencial do centro, así como na análise CAME (corrixir as debilidades, afrontar as ameazas, manter as fortalezas e explorar as oportunidades), que orientou a toma de decisións estratéxicas para o período 2024-2026. Ademais, o procedemento de elaboración, tivo en conta a análise das actividades desenvolvidas durante o período do anterior Plan Estratéxico (Plan Estratéxico Ponte e Plan de Mellora Anual da Facultade de Ciencias 2020-2022), así como o Plan Estratéxico da USC 2024-2026, as liñas xerais da Programación Plurianual da USC 2023-2026 e as suxestións dos distintos grupos de interese.

De acordo co procedemento *PE-01 Planificación Estratéxica* do Manual de Procesos da Facultade de Ciencias, a Comisión de Calidade do Centro (CCC), na súa reunión do 22 de novembro de 2023, nomeou unha Comisión Redactora encargada de elaborar o Plan Estratéxico 2024-2026. Tras as primeiras análises DAFO e CAME postas a disposición dos grupos de interese e debatidas pola CCC, acadouse unha proposta inicial do PEC que sería modificada en varias ocasión por esta Comisión, primeiro para adaptarse plenamente as liñas definidas no Plan Estratéxico da USC 2024-2026 e despois para introducir novas observacións e modificacións de acordo coas directrices marcadas polo informe técnico emitido pola Sección de Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización da USC. A versión final do PEC foi aprobada pola CCC o 17 de decembro de 2024 e pola Xunta de Facultade o 20 de decembro de 2024.

A aprobación definitiva deste Plan Estratéxico pola Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno tivo lugar o 28 de febreiro de 2025.

2. Breve historia da Facultade de Ciencias.

2.1. Orixe do centro.

A Facultade de Ciencias é un centro propio da Universidade de Santiago de Compostela, creado en 1991 como transformación do Colexio Universitario de Lugo. O Centro iniciou as súas actividades no curso 1991-92 cos primeiros ciclos de Bioloxía, de Química e a titulación de Licenciado en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, de só segundo ciclo. No curso 1993-94 implantouse a titulación de Enxeñaría Técnica Industrial especialidade en Química Industrial, desaparecendo os primeiros ciclos de Bioloxía e Química. Mais adiante, no curso 1999-2000 implantouse o segundo ciclo da Licenciatura en Química (especialidade en Química Agrícola). No ano 2007 comezou a impartirse o Máster en Prevención de Riscos Laborais, que sufriría unha modificación no curso 2009-10, pasando a chamarse Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental e que na actualidade se atopa extinguido. Co motivo da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior a oferta académica do centro sufriu unha transformación, implantándose, no curso 2010-11, o Grao en Nutrición Humana e Dietética e o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, ao mesmo tempo que se procedía á extinción das titulacións non adaptadas ó sistema Bolonia. No curso 2017-18 comezou a oferta académica do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias, no 2019-20 a do Máster en Enxeñaría de Procesado de Alimentos (actualmente en extinción por esixencias da Xunta de Galicia) e no curso 2020-21 a do Grao en Bioquímica e a do Programa de Grao aberto 5USC Enxeñarías, que no curso 2022-23 pasou a chamarse Grao aberto USC Enxeñarías, constituíndo a oferta académica actual da Facultade de Ciencias.

2.2. Catálogo actual de titulacións.

Os títulos vinculados á Facultade vixentes durante o curso 2023-2024 foron:

- Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (GEPQI).
- Grao en Nutrición Humana e Dietética (GNHD).
- Grao en Bioquímica (GBioq)
- Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos (MEPA).
- Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias (MINSTA).

2.3. Grupos de investigación actuais.

A USC sitúase nun lugar destacado na clasificación de produtividade da investigación das universidades españolas e europeas e conta cunha ampla rede de infraestruturas de apoio á investigación con persoal altamente cualificado que dá soporte científico-tecnolóxico a investigadores/as, grupos, centros e departamentos.

No seguinte enlace da páxina web pode consultar a información sobre os investigadores da Facultade de Ciencias: proxectos, publicacións, teses, patentes...

<https://investigacion.usc.gal/unidades/1955/investigadores>

2.4. Sistema de garantía de calidade.

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de grao como de mestrado universitario. Así mesmo, alcanza a todas as persoas vinculadas a el (estudiantado, persoal docente e investigador e persoal técnico, de xestión e de administración e servizos).

En conxunto, o SGC da Facultade de Ciencias contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da universidade e da propia facultade e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese.

A Facultade de Ciencias é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario. Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu Plan Estratéxico) a Facultade de Ciencias elaborou o seu Sistema de Garantía de Calidade (SGC) marcándose como principal obxectivo do mesmo o desenvolvemento de programas formativos (graos e másteres) que estean avalados pola calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

De acordo co Proceso PE-02 Revisión e Mellora, a análise de funcionamento do SGC de forma global queda recompilada na Memoria de Calidade do Centro, que pecha o ciclo de calidade anual da Facultade.

Deste xeito, unha vez analizados os resultados dos títulos (PC-05 Análise dos resultados e mellora dos programas) e unha vez formuladas as accións de mellora derivadas do proceso anterior por parte de cada unha das titulacións do centro, correspóndelle á Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias levar a cabo unha análise global do SGC.

O equipo decanal desta Facultade adquiriu o compromiso permanente coa mellora continua da xestión administrativa e dos seus programas formativos. Para isto tamén conta coa Comisión de Calidade, órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do Sistema de Garantía de Calidade do centro, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema e dos seus logros.

O deseño do Sistema de Garantía de Calidade do centro foi avaliado positivamente pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) o 30 de maio de 2012, emitíndose certificación do deseño do SGC o 13 de decembro dese mesmo ano. Posteriormente, fóronse levando a cabo actualizacións para adaptalo aos cambios producidos tanto a nivel do propio Centro como da USC.

O 8 de xullo de 2015 a Facultade de Ciencias renovou a acreditación de todos os seus títulos de grao e máster implantados ata ese momento.

Durante o curso 2016-17, o Centro someteuse ao procedemento de Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade, o que supuxo un profundo proceso de modificación e de revisión do mesmo, obtendo con data 25 de xuño de 2018 a certificación de implantación do SGC da ACSUG.

O 30 de outubro de 2018 obtivo Informe favorable de Acreditación Institucional da ACSUG e, por Resolución do 28 de xaneiro de 2019, o Consejo de Universidades declarou a acreditación institucional da Facultade de Ciencias.

Despois de cinco anos de revisión e mellora continua, con data 3 de xuño de 2024, o Centro obtivo a renovación da certificación de implantación do SGC con validez ata xuño de 2029.

Esta documentación que acabamos de citar e outra moi relevante (manual do SGC, manual de procesos, memorias de calidade, plans de mellora, plan estratéxico, ...) está dispoñible no vínculo á Documentación do SGC:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/calidade/documentacion-sgc>

3. Misión, visión e valores.

3.1. Misión.

A Facultade de Ciencias é unha institución pública comprometida coa formación de profesionais capacitados, competentes e socialmente responsables. A súa misión é buscar a excelencia de maneira dinámica en todas as súas funcións: docencia, xeración e difusión do coñecemento a través da investigación. Estas actividades realízanse de forma socialmente responsable, en coherencia co entorno do Campus Terra, cunha especial atención ás áreas de Enxeñaría, Ciencias Básicas e Ciencias da Saúde.

3.2. Visión.

A Facultade de Ciencias aspira a ser recoñecida como un centro universitario de prestixio, capaz de adaptarse ás demandas da sociedade e de formar profesionais altamente cualificados. A ofrecer unha oferta académica de estudos completa que integre docencia e investigación, destacándose no deseño, planificación, organización e desenvolvemento de estudos que conducen á obtención de títulos oficiais, que habiliten para o exercicio de profesións reguladas ou capaciten para actividades especializadas enmarcadas nas diversas liñas de especialización do Campus Terra. Un Centro de referencia dentro dos estándares máis elevados de calidade da Unión Europea e con alta capacidade en investigación, que poida proxectar á Facultade e promover a internacionalización do seu estudantado, persoal docente e investigador, así como do seu persoal técnico, de xestión e de administración e servizos. Responsable, comprometida coa sustentabilidade, a cooperación social e integrada co sector empresarial e acorde co motor socioeconómico, a Facultade é unha institución activa, viva, motivadora e emprendedora, cunha xestión áxil, eficiente e transparente, orientada á evolución constante segundo as necesidades do entorno.

3.3. Valores.

- Integridade, mediante a preservación e potenciación dos nosos propios sinais de identidade:
 - Responsabilidade
 - Transparencia
 - Capacidade de adaptación
 - Innovación
 - Creatividade
 - Iniciativa
 - Espírito crítico
 - Liberdade de pensamento
- Respecto aos dereitos de todas as persoas e, en particular, dos membros da comunidade universitaria.

- Compromiso:
 - Coa procura permanente da excelencia en todas as actividades universitarias (calidade e mellora continua).
 - Cunha xestión baseada no diálogo, a participación, a colaboración e a confianza.
 - Cun desenvolvemento sostible, coa equidade e coa eliminación de todo tipo de discriminacións.
 - De servizo a sociedade, en particular, coa transferencia de coñecemento como contribución ao desenvolvemento social, económico e cultural.
 - Coa seguridade das persoas e das instalacións.

4. Liñas estratéxicas.

4.1. Introducción ás liñas estratéxicas.

De acordo co establecido no proceso PE-01 *Planificación Estratéxica* do manual de procesos do SGC da Facultade, o Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias 2024-2026 está integrado por catro liñas estratéxicas definidas a partir das necesidades e expectativas dos grupos de interese do centro e en consonancia coas sinaladas no Plan Estratéxico da USC 2024-26 e coas liñas xerais da Programación Plurianual 2023-2026 da USC.

LIÑAS ESTRATÉXICAS	
1. A Facultade ao servizo da sociedade	Orientar a Facultade e as súas titulacións ás demandas educativas e necesidades da sociedade.
2. Xestión dos recursos de forma intelixente	Optimizar a xestión dos recursos, as súas funcións e a ecoeficiencia das infraestruturas.
3. Situar o coñecemento da Facultade na vangarda	Mellorar e diversificar a oferta docente potenciando a investigación e a innovación como motor de desenvolvemento.
4. Proxectar a Facultade	Contribuír ao fortalecemento da imaxe e visibilidade da Facultade cara ao exterior.

A correlación entre as liñas estratéxicas dos Plans Estratéxicos da USC e da Facultade reflíctense na seguinte táboa e a continuación sinálanse, para cada liña estratéxica os obxectivos estratéxicos relacionados e as acción a desenvolver. Deste xeito amósase a contribución da Facultade para acadar os obxectivos establecidos pola USC no seu Plan Estratéxico 2024-26.

LIÑAS ESTRATÉXICAS - USC	LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO (LEC) FACULTADE DE CIENCIAS
LE 1 - O estudantado e a comunidade universitaria	<i>LEC 1. A Facultade ao servizo da sociedade. Orientar a Facultade e as súas titulacións ás demandas educativas e necesidades da sociedade.</i>
LE 2 - A formación e a docencia no novo contexto	<i>LEC 3. Situar o coñecemento da Facultade na vangarda. Mellorar e diversificar a oferta docente potenciando a investigación e a innovación como motor de desenvolvemento.</i>
LE 3 - Os retos na política de persoal	<i>LEC 2. Xestión dos recursos de forma intelixente. Optimizar a xestión dos recursos, as súas funcións e a ecoeficiencia das infraestruturas.</i>

LIÑAS ESTRATÉXICAS - USC	LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO (LEC) FACULTADE DE CIENCIAS
LE 4 - A Investigación e a innovación como motor do desenvolvemento sostible e o benestar	<i>LEC 3. Situar o coñecemento da Facultade na vangarda. Mellorar e diversificar a oferta docente potenciando a investigación e a innovación como motor de desenvolvemento.</i>
LE 5 - A senda da internacionalización	<i>LEC 5. Proxectar a Facultade. Contribuír ao fortalecemento da imaxe e visibilidade da Facultade cara ao exterior.</i>
LE 6 - A procura de infraestruturas ecoeficientes	<i>LEC 2. Xestión dos recursos de forma intelixente. Optimizar a xestión dos recursos, as súas funcións e a ecoeficiencia das infraestruturas.</i>
LE 7 - A USC na era da transformación dixital	
LE8 - A xestión eficiente dos recursos	<i>LEC 2. Xestión dos recursos de forma intelixente. Optimizar a xestión dos recursos, as súas funcións e a ecoeficiencia das infraestruturas.</i>

4.2. Liña estratéxica 1: A Facultade ao servizo da sociedade.

LIÑA ESTRATÉXICA 1: A Facultade ao servizo da sociedade
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS:
OE 1.1. Formación centrada no estudiantado
Acción estratéxica AE 1.1.1 Potenciar as competencias para a empregabilidade.
Acción estratéxica AE 1.1.2. Promover o uso da lingua galega.
OE 1.2. Estimular a calidade ao servizo da mellora educativa
Acción estratéxica AE 1.2.1. Potenciar a implicación dos grupos de interese nos procedementos de xestión da calidade.

4.3. Liña estratéxica 2: Xestión dos recursos de forma intelixente.

LIÑA ESTRATÉXICA 2: Xestión dos recursos de forma intelixente
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS:
OE 2.1. Compromiso co persoal
Acción estratéxica AE 2.1.1 Reforzar a formación continua do persoal.
OE 2.2. Mellora das infraestruturas e optimización enerxética
Acción estratéxica AE 2.2.1. Reducir o consumo enerxético mellorando a eficiencia enerxética das instalacións.
Acción estratéxica AE 2.2.2. Implementar accións de descarbonización reducindo as emisións de CO ₂ .
OE 2.3. Xestión eficiente dos recursos
Acción estratéxica AE 2.3.1. Garantir a eficiencia na xestión dos recursos materiais e docentes.

4.4. Liña estratéxica 3: Situar o coñecemento da Facultade na vangarda.

LIÑA ESTRATÉXICA 3: Situar o coñecemento da Facultade na vangarda	
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS:	
OE 3.1. Redefinir a oferta de titulacións do centro	
Acción estratéxica AE 3.1.1. Incorporar titulacións que melloren a oferta formativa docente e investigadora.	
OE 3.2. Introducir novas estruturas curriculares	
Acción estratéxica AE 3.2.1. Incorporación da formación dual.	
OE 3.3. Captación de estudantado	
Acción estratéxica AE 3.3.1. Difusión das titulacións ofertadas para captación de estudantado.	
OE 3.4. Promover a investigación	
Acción estratéxica AE 3.4.1. Creación e desenvolvemento dun programa de doutoramento.	
Acción estratéxica AE 3.4.2. Fomentar a colaboración investigadora.	
Acción estratéxica AE 3.4.3. Captación de investigadores en formación.	

4.5. Liña estratéxica 4: Proxectar a Facultade.

LIÑA ESTRATÉXICA 4: Proxectar a Facultade	
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS:	
OE 4.1. Potenciar a mobilidade das persoas	
Acción estratéxica AE 4.1.1. Favorecer a mobilidade do estudantado, PDI e PAS.	
OE 4.2. Integración no entorno	
Acción estratéxica AE 4.2.1. Aumentar a visibilidade da Facultade no seu entorno socioeconómico.	
OE 4.3. Potenciar a comunicación da Facultade de cara ao exterior	
Acción estratéxica AE 4.3.1. Mellorar o coñecemento da Facultade a nivel nacional e internacional.	

5. Diagnose estratéxica.

5.1. Introducción á diagnose estratéxica.

Tal como se sinala no apartado 7.2 deste documento, para recompilar información fiable relativa á situación real do centro, con respecto ás Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO), empregáronse os métodos de entrevistas persoais e as opinións recibidas a través do correo electrónico por parte dos grupos de interese.

Da análise de toda a información reunida sinaláronse as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades ligadas a cada unha das liñas estratéxicas antes definidas. Estes aspectos facilitan unha visión actual na que está englobado o centro e que ten en conta tanto a situación interna do mesmo como da súa contorna. A análise CAME (corrixir debilidades, afrontar ameazas, manter fortalezas e explotar as oportunidades) permitiu definir diferentes estratexias a desenvolver para cada unhas das liñas estratéxicas de centro.

A continuación preséntase, para cada una das liñas estratéxicas do centro definidas no apartado anterior, a análise DAFO na que se reflicte a situación actual da Facultade e unha análise CAME para concretar as posibles estratexias e accións de mellora en cada un aspectos sinalados.

5.2. Liña estratéxica 1: A Facultade ao servizo da sociedade.

5.2.1. Análise DAFO.

LIÑA ESTRATÉXICA 1:	Aspectos positivos	Aspectos negativos
Condicións internas Orientación ao presente	Fortalezas Persoal Docente e Investigador con elevada cualificación, cun alto porcentaxe de doutores e un número elevado de quinquenios e sexenios (F1) Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos moi capacitado, eficiente e disposto (F2) Ampla oferta de prazas de Prácticas Externas para todas as titulacións impartidas no centro (F4) Trato personalizado ao estudiantado (F5) Gran voluntariedade e implicación do profesorado e PAS nas actividades de información, promoción e captación de estudiantado contempladas no Plan de Captación da Facultade e noutras accións xerais da Universidade (F6) Alto grao de implicación da Facultade na xestión dos procesos e no	

LIÑA ESTRATÉGICA 1:	Aspectos positivos	Aspectos negativos
	<p>desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade (F9)</p> <p>Facultade moi integrada nas liñas de acción do Campus Terra e cunha relación fluída cos centros deste campus (F10)</p> <p>Apoio das institucións locais á Facultade, especialmente da Deputación de Lugo (F12)</p> <p>Participación dos colexios e asociacións profesionais e agrupacións de empresas en actividades e comisións do centro (F13)</p>	
<p>Condicións externas</p> <p>Orientación ao futuro</p>	<p>Oportunidades</p> <p>Incrementar a relación empresa-universidade-estudantado (O3)</p> <p>Forte motivación do estudantado do novo Grao en Bioquímica (O7)</p> <p>A promoción do uso da lingua galega como liña estratéxica da USC e o seu novo Plan de accións 2023-26 (O9)</p>	<p>Ameazas</p> <p>Forte competencia con outros campus do Sistema Universitario Galego (SUG), especialmente co campus de Santiago na demanda de novas titulacións e mantemento das existentes (A1)</p>

5.2.2. Análise CAME.

LIÑA ESTRATÉGICA 1:	Oportunidades	Ameazas
<p>Fortalezas</p>	<p>Estratexias de reforzo (manter fortalezas)</p> <p>Acción estratéxica: 1.1.1 Potenciar as competencias para a empregabilidade</p> <p>AMF2425-1. Fomentar a colaboración con empresas en xornadas, conferencias e charlas de especialización para o estudantado así como visitas as súas instalacións.</p> <p>Acción estratéxica: 1.1.2 Promover o uso da lingua galega.</p> <p>AMF2425-2. Incremento do uso da lingua galega na docencia e nos TFG e TFM defendidos.</p> <p>Acción estratéxica 1.2.1. Potenciar a implicación dos grupos de interese nos procedementos de xestión da calidade</p> <p>AMF2425-3. Incrementar a participación do estudantado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida</p>	<p>Estratexias correctoras (afrontar ameazas futuras)</p> <p>Acción estratéxica 1.2.1. Potenciar a implicación dos grupos de interese nos procedementos de xestión da calidade</p> <p>AMF2425-3. Incrementar a participación do estudantado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida</p>
<p>Debilidades</p>	<p>Estratexias de acción (superar debilidades)</p>	<p>Estratexias de supervivencia (reducir debilidades afrontando ameazas)</p>

5.3. Liña estratéxica 2: Xestión dos recursos de forma intelixente.

5.3.1. Análise DAFO.

LIÑA ESTRATÉGICA 2:	Aspectos positivos	Aspectos negativos
<p>Condicións internas Orientación ao presente</p>	<p>Fortalezas</p> <p>Persoal Docente e Investigador moi cualificado, cun alto porcentaxe de doutores e un número elevado de quinquenios e sexenios (F1)</p> <p>Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos moi capacitado, eficiente e disposto (F2)</p> <p>Gran voluntariedade e implicación do profesorado e PAS nas actividades de información, promoción e captación de estudantado contempladas no Plan de Captación da Facultade e noutras accións xerais da Universidade (F6)</p> <p>Planificación axeitada e xestión eficaz dos recursos dispoñibles para o desenvolvemento da docencia interactiva, tanto en laboratorio como nas aulas de informática (F7)</p> <p>Rápida xestión da información e corto tempo de resposta para a resolución de problemas que afectan ao centro e ás súas titulacións (F8)</p>	<p>Debilidades</p> <p>Edificio docente antigo con eficiencia enerxética moi baixa (D3)</p> <p>Orzamento insuficiente para a renovación do material e equipamento docente (D4)</p> <p>Necesidade dalgún equipamento e instalacións específicas destinados a docencia e investigación (D7)</p> <p>Dificultade de captación de recursos de investigación condicionado pola magnitude e diversidade dos grupos de investigación (D9)</p> <p>Escasa oferta de cursos no Programa de Formación e Innovación Docente no Campus Terra en xeral e na Facultade de Ciencias en particular (D10)</p>
<p>Condicións externas Orientación ao futuro</p>	<p>Oportunidades</p> <p>Desenvolvemento do Grao de Bioquímica, titulación única no SUG e cunha elevada demanda (O1)</p> <p>Implantación e desenvolvemento dunha nova titulación de máster en Biociencias moleculares que potencie ao mesmo tempo tanto a continuación de estudos de grao como a captación de recursos para o fomento da investigación (O2)</p> <p>Desenvolvemento de accións da USC encamiñadas a optimizar a eficiencia enerxética das instalacións e a reducir as emisións de CO2 (O8)</p>	<p>Ameazas</p> <p>Forte competencia con outros campus do Sistema Universitario Galego (SUG), especialmente co campus de Santiago na demanda de novas titulacións e mantemento das existentes (A1)</p> <p>Diminución por parte da Universidade dos servizos para apoio á investigación no Campus de Lugo que repercuten na capacidade investigadora dos grupos de esta Facultade (A3)</p> <p>Dependencia do Campus de Santiago nas decisións e financiamento do Campus Terra, situación que condiciona o desenvolvemento do Campus de Lugo e dos seus centros (A4)</p>

5.3.2. Análise CAME.

LIÑA ESTRATÉGICA 2:	Oportunidades	Ameazas
<p>Fortalezas</p>	<p>Estratexias de reforzo (manter fortalezas)</p> <p>Acción estratéxica 2.2.1. Reducir o consumo enerxético mellorando a</p>	<p>Estratexias correctoras (afrontar ameazas futuras)</p> <p>Acción estratéxica 2.1.1. Reforzar a formación continua do persoal</p>

LIÑA ESTRATÉGICA 2:	Oportunidades	Ameazas
	<p>eficiencia enerxética das instalacións. AMF2425-4. Mellora do illamento das fiestras e cerramentos estruturais da Facultade.</p> <p>Acción Estratéxica 2.2.2. Implementar accións de descarbonización reducindo as emisións de CO2. AMF2526-2. Substitución da vella caldeira de calefacción do antigo edificio da Facultade por outro sistema enerxético mais eficiente.</p> <p>Acción estratéxica 2.3.1. Garantir a eficiencia na xestión dos recursos materiais e docentes AMF2425-5. Continuar coa xestión centralizada dos recursos empregados na docencia tendo en conta a incorporación de novas materias docentes e o escaso orzamento dispoñible. AMF2425-6. Captación de recursos e infraestruturas para os espazos do edificio de laboratorios pendentes de uso. AMF2425-7. Solicitar equipamento docente para os laboratorios.</p>	<p>AMF2526-1. Solicitar a ampliación da oferta dos cursos de formación para PDI e PAS en áreas de interese para a Facultade.</p> <p>Acción estratéxica 2.3.1. Garantir a eficiencia na xestión dos recursos materiais e docentes AMF2425-5. Continuar coa xestión centralizada dos recursos empregados na docencia tendo en conta a incorporación de novas materias docentes e o escaso orzamento dispoñible. AMF2425-6. Captación de recursos e infraestruturas para os espazos do edificio de laboratorios pendentes de uso. AMF2425-7. Solicitar equipamento docente para os laboratorios.</p>
<p>Debilidades</p>	<p>Estratexias de acción (superar debilidades)</p> <p>Acción estratéxica 2.2.1. Reducir o consumo enerxético mellorando a eficiencia enerxética das instalacións. AMF2425-4. Mellora do illamento das fiestras e cerramentos estruturais da Facultade.</p> <p>Acción Estratéxica 2.2.2. Implementar accións de descarbonización reducindo as emisións de CO2. AMF2526-2. Substitución da vella caldeira de calefacción do antigo edificio da Facultade por outro sistema enerxético mais eficiente.</p> <p>Acción estratéxica 2.3.1. Garantir a eficiencia na xestión dos recursos materiais e docentes AMF2425-5. Continuar coa xestión centralizada dos recursos empregados na docencia tendo en conta a incorporación de novas materias docentes e o escaso orzamento dispoñible. AMF2425-6. Captación de recursos e infraestruturas para os espazos do edificio</p>	<p>Estratexias de supervivencia (reducir debilidades afrontando ameazas)</p> <p>Acción estratéxica 2.1.1. Reforzar a formación continua do persoal AMF2526-1. Solicitar a ampliación da oferta dos cursos de formación para PDI e PAS en áreas de interese para a Facultade.</p> <p>Acción estratéxica 2.3.1. Garantir a eficiencia na xestión dos recursos materiais e docentes AMF2425-5. Continuar coa xestión centralizada dos recursos empregados na docencia tendo en conta a incorporación de novas materias docentes e o escaso orzamento dispoñible. AMF2425-6. Captación de recursos e infraestruturas para os espazos do edificio de laboratorios pendentes de uso. AMF2425-7. Solicitar equipamento docente para os laboratorios.</p>

LIÑA ESTRATÉXICA 2:	Oportunidades	Ameazas
	de laboratorios pendentes de uso. AMF2425-7. Solicitar equipamento docente para os laboratorios.	

5.4. Liña estratéxica 3: Situar o coñecemento da Facultade na vangarda.

5.4.1. Análise DAFO.

LIÑA ESTRATÉXICA 3:	Aspectos positivos	Aspectos negativos
Condicións internas Orientación ao presente	<p align="center">Fortalezas</p> <p>Persoal Docente e Investigador con elevada cualificación, cun alto porcentaxe de doutores e un número elevado de quinquenios e sexenios (F1)</p> <p>Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos moi capacitado, eficiente e disposto (F2)</p> <p>Ampla oferta de prazas de Prácticas Externas para todas as titulacións impartidas no centro (F4)</p> <p>Trato personalizado ao estudantado (F5)</p> <p>Gran voluntariedade e implicación do profesorado e PAS nas actividades de información, promoción e captación de estudantado contempladas no Plan de Captación da Facultade e noutras accións xerais da Universidade (F6)</p> <p>Planificación axeitada e xestión eficaz dos recursos dispoñibles para o desenvolvemento da docencia interactiva, tanto en laboratorio como nas aulas de informática (F7)</p> <p>Rápida xestión da información e corto tempo de resposta para a resolución de problemas que afectan ao centro e ás súas titulacións (F8)</p> <p>Alto grao de implicación da Facultade na xestión dos procesos e no desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade (F9)</p> <p>Facultade moi integrada nas liñas de acción do Campus Terra e cunha relación fluída cos centros deste campus (F10)</p> <p>Instalacións de laboratorio modernas e axeitadas para a docencia e a investigación nas ramas de ciencias, enxeñaría e arquitectura e ciencias da saúde (F11)</p> <p>Apoio das institucións locais á Facultade, especialmente da Deputación de Lugo (F12)</p> <p>Participación dos colexios e asociacións</p>	<p align="center">Debilidades</p> <p>Escasa renovación do Persoal Docente e Investigador (D1)</p> <p>Frecuentes traslados e cambios de adscrición de docencia do profesorado ao Campus de Santiago nalgunhas áreas (D2)</p> <p>Dificultade de incorporación de estudantado para a súa formación investigadora e o desenvolvemento dos grupos de investigación (D6)</p> <p>Dificultade para a captación de estudantado de novo ingreso no Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (D8)</p> <p>Dificultade de captación de recursos de investigación condicionado pola magnitude e diversidade dos grupos de investigación (D9)</p> <p>Carencia dun programa de doutoramento propio (D11)</p> <p>Carencia dun mestrado que ofrezca ao estudantado do Grao Bioquímica a posibilidade de ampliar a súa formación académica (D12)</p>

LIÑA ESTRATÉXICA 3:	Aspectos positivos	Aspectos negativos
	<p>profesionais e agrupacións de empresas en actividades e comisións do centro (F13)</p> <p>Novo Grao en Bioquímica, único no SUG, con gran proxección e unha elevada demanda (F14)</p> <p>Desenvolvemento de numerosos convenios de colaboración para a realización de prácticas externas en empresas (F15)</p>	
<p>Condicións externas</p> <p>Orientación ao futuro</p>	<p>Oportunidades</p> <p>Desenvolvemento do Grao de Bioquímica, titulación única no SUG e cunha elevada demanda (O1)</p> <p>Implantación e desenvolvemento dunha nova titulación de máster en Biociencias Moleculares que potencie ao mesmo tempo tanto a continuación de estudos de grao como a captación de recursos para o fomento da investigación (O2)</p> <p>Incrementar a relación empresa-universidade-estudiantado (O3)</p> <p>Potenciar as liñas de investigación existentes na Facultade consonte ás liñas estratéxicas do Campus Terra (O5)</p> <p>Aproveitar o atractivo da cidade de Lugo e do seu Campus Universitario para a promoción da Facultade e das súas titulacións (O6)</p> <p>O interese e expectativas xeradas pola formación dual universitaria e o seu novo marco normativo que pretenden potenciar a relación universidade empresa e incrementar a empregabilidade dos titulados (O11)</p> <p>O fomento da formación dual no grao e os mestrados como acción enmarcada nos obxectivos e liñas de actuación estratéxicas da USC (O12)</p>	<p>Ameazas</p> <p>Forte competencia con outros campus do Sistema Universitario Galego (SUG), especialmente co campus de Santiago na demanda de novas titulacións e mantemento das existentes (A1)</p> <p>Descoñecemento dos títulos ofertados neste centro pola sociedade en xeral e polos posibles futuros estudantes en particular (A2)</p> <p>Diminución por parte da Universidade dos servizos para apoio á investigación no Campus de Lugo que repercuten na capacidade investigadora dos grupos de esta Facultade (A3)</p> <p>Dependencia do Campus de Santiago nas decisións e financiamento do Campus Terra, situación que condiciona o desenvolvemento do Campus de Lugo e dos seus centros (A4)</p>

5.4.2. Análise CAME.

LIÑA ESTRATÉXICA 3:	Oportunidades	Ameazas
<p>Fortalezas</p>	<p>Estratexias de reforzo (manter fortalezas)</p> <p>Acción estratéxica 3.1.1. Incorporar titulacións que melloren a oferta formativa docente e investigadora.</p> <p>AMF2425-8. Implantación e desenvolvemento dun novo Máster en Biociencias moleculares.</p>	<p>Estratexias correctoras (afrontar ameazas futuras)</p> <p>Acción estratéxica 3.1.1. Incorporar titulacións que melloren a oferta formativa docente e investigadora.</p> <p>AMF2425-8. Implantación e desenvolvemento dun novo Máster en Biociencias moleculares.</p>

LIÑA ESTRATÉGICA 3:	Oportunidades	Ameazas
	<p>Acción estratéxica: 3.2.1. Incorporación da formación dual. AMF2526-8. Modificación do GEPQI para obter a mención DUAL.</p> <p>Acción estratéxica 3.3.1. Difusión das titulacións ofertadas para captación de estudantado. AMF2425-9. Promover a publicidade das titulacións da Facultade nas actividades realizadas polos colexios profesionais asociados as mesmas. AMF2526-3. Promover a publicidade das titulacións da Facultade nas actividades realizadas polos colexios profesionais asociados as mesmas.</p> <p>Acción Estratéxica 3.4.1. Creación e desenvolvemento dun programa de doutoramento. AMF2526-4. Solicitude de implantación dun novo programa de doutoramento.</p> <p>Acción estratéxica: 3.4.2. Fomentar a colaboración investigadora. AMF2526-5. Favorecer dende o centro unha estratexia de cooperación, entre os diferentes investigadores, para unha acción conxunta de captación de recursos.</p> <p>Acción estratéxica: 3.4.3. Captación de investigadores en formación. AMF2526-6. Difusión das liñas de investigación do PDI da Facultade e das posibilidades do seu entorno.</p>	<p>Acción estratéxica 3.3.1. Difusión das titulacións ofertadas para captación de estudantado. AMF2425-9. Promover a publicidade das titulacións da Facultade nas actividades realizadas polos colexios profesionais asociados as mesmas. AMF2526-3. Promover a publicidade das titulacións da Facultade nas actividades realizadas polos colexios profesionais asociados as mesmas.</p> <p>Acción estratéxica: 3.4.2. Fomentar a colaboración investigadora. AMF2526-5. Favorecer dende o centro unha estratexia de cooperación, entre os diferentes investigadores, para unha acción conxunta de captación de recursos.</p> <p>Acción estratéxica: 3.4.3. Captación de investigadores en formación. AMF2526-6. Difusión das liñas de investigación do PDI da Facultade e das posibilidades do seu entorno.</p>
<p>Debilidades</p>	<p>Estratexias de acción (superar debilidades)</p> <p>Acción estratéxica 3.1.1. Incorporar titulacións que melloren a oferta formativa docente e investigadora. AMF2425-8. Implantación e desenvolvemento dun novo Máster en Biociencias moleculares.</p> <p>Acción estratéxica: 3.2.1. Incorporación da formación dual. AMF2526-8. Modificación do GEPQI para obter a mención DUAL.</p> <p>Acción estratéxica 3.3.1. Difusión das titulacións ofertadas para captación de estudantado. AMF2425-9. Promover a publicidade das</p>	<p>Estratexias de supervivencia (reducir debilidades afrontando ameazas)</p> <p>Acción estratéxica 3.1.1. Incorporar titulacións que melloren a oferta formativa docente e investigadora. AMF2425-8. Implantación e desenvolvemento dun novo Máster en Biociencias moleculares.</p> <p>Acción estratéxica 3.3.1. Difusión das titulacións ofertadas para captación de estudantado. AMF2425-9. Promover a publicidade das titulacións da Facultade nas actividades realizadas polos colexios profesionais asociados as mesmas. AMF2526-3. Promover a publicidade das titulacións da Facultade nas actividades</p>

LIÑA ESTRATÉGICA 3:	Oportunidades	Ameazas
